

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

| | |
|-----------------|---|
| Expte: 8283-104 | TIPO DE CONTRATO: Contrato servizos administrativo especial |
| | SOLICITANTE: Turismo |

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COAS PRINCIPAIS CIDADES EUROPEAS, ANOS 2023-2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O contrato terá por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo no mercado turístico británico, co obxectivo de atraer turistas procedentes destes mercados, vinculada á conectividade aérea directa coa cidade de Londres.

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

2.- Dada a natureza administrativa especial deste contrato, o mesmo non ten encaixe en ningún dos códigos da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) aprobada polo Regulamento (CE), número 213/2008 da Comisión, polo que se modifica o Regulamento (CE) núm. 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de novembro de 2002.

2.- XUSTIFICACIÓN DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o cal establece que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local; así mesmo, os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo. En relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art. 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 1 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

O turismo é unha das actividades económicas máis importante da nosa cidade, e da comunidade autónoma de Galicia, que ten un gran compoñente de transversalidade por canto inflúe e depende ao mesmo tempo doutros sectores económicos, así como contribúe á preservación do noso medio natural, os nosos atractivos culturais, etnográficos, etc...

Dentro da xestión dun destino turístico, o transporte e as comunicacións son importantes para mellorar a competitividade do mesmo polo que é imprescindible a súa inclusión dentro dos plans de promoción e comercialización turística. O transporte aéreo, constitúe un sector estratéxico que condiciona e repercute no funcionamento do resto de sectores económicos, sendo un elemento para ter en conta dentro do desenvolvemento turístico das rexións.

O principal medio de transporte de acceso á nosa cidade dos turistas procedentes das principais capitais europeas recollidas no contrato, é o avión, polo que se considera oportuno promocionar o turismo da cidade de Vigo no mercado británico mediante accións promoción online e no establecemento de conexións aéreas directas co destino Londres, de modo que se conte coa infraestrutura adecuada en termos de frecuencia e conectividade co obxectivo de favorecer o crecemento de turistas e un uso máis intensivo do transporte aéreo.

As accións de promoción se limitan ás accións online, de acordo co “ESTUDO DE MERCADO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO VIGO VINCULADA A RUTAS CON CIDADES EUROPEAS” aportado pola Fundación Vigo Convention Bureau, recolle que: “...consonte coas directrices vixentes, recoméndase que o desenvolvemento de accións de promoción e publicidade do destino opte pola utilización de soportes non físicos e primordialmente online pois calquera outra pode verse limitada pola normativa ou imposibilitada a súa execución por cambios na mesma...”

O servizo de Turismo, non conta cos recursos humanos nin medios materiais necesarios para poder realizar as prestacións obxecto do presente contrato.

3.- NON DIVISIÓN EN LOTES

De acordo ao artigo 99.3 da LCSP, non se dividiu o contrato en lotes debido a que a realización, por separado, das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista da operatividade da campaña de promoción.

As campañas de promoción turística responden dun xeito mais efectivo cando responden a unha estratexia conxunta, xa que a súa implementación considerase unha unidade sobre os mercados obxectivos, a división en lotes no permitiría unha correcta coordinación, operatividade, axilidade e eficiencia dos traballos.



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

A non división do contrato en lotes xustifícase na propia natureza e obxecto do contrato e polo tanto en eficacia na promoción da campaña. Os traballos obxecto de licitación, servizos de promoción turística on-line, non son susceptibles de realizarse independentemente mediante división en lotes dado que se trata dun servizo no que a homoxeneidade dos elementos promocionais son imprescindibles para dar cumprimento aos fins que se pretenden satisfacer, polo que a realización por unha soa compañía aérea e non por unha pluralidade, é necesaria para a correcto cumprimento do obxectivo da campaña promocional.

4.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

4.1.- Procedemento de adxudicación.

A contratación a realizar cualifícase como **contrato administrativo especial**, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

4.2.-Forma de tramitación:

A forma de tramitación será a **ordinaria**.

A presente contratación está suxeita a regulación harmonizada, en atención ao establecido nos artigos 19, 222.1 letra b) e 22.2 da LCSP.

5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da Lei 9/2017.

En cumprimento do artigo 102 do Ley 9/2017 de 8 de novembro Contratos do Sector Público, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinase en base a referencias de prezos de accións de promoción de similares características con compañías aéreas, realizadas polo Concello de Vigo en anos anteriores para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos con medidas de apoio á actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos de Vigo.



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



5.1.-Orzamento base de licitación.

Importe total do contrato: 1.869.450,00€
 Importe total do contrato sen IVE: 1.545.000,00€
 IVE: 324.450,00€

5.2.-Anualidades

Trátase dun contrato de carácter plurianual, e tendo en conta que o importe do contrato establécese a distribución das anualidades corresponderase coa seguinte proposta aplicándose aos créditos incluídos na aplicación orzamentaria: 4320.2279902 "PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINOS RUTAS AEREAS" e bolsa de vinculación.

Importes anuais do contrato

| ANUALIDADES | IMPORTE (SEN IVE) | IMPORTE (CON IVE) |
|--------------------------|----------------------|----------------------|
| ANO 2023 | 515.000,00€ | 623.150,00€ |
| ANO 2024 | 515.000,00€ | 623.150,00€ |
| ANO 2025 | 515.000,00€ | 623.150,00€ |
| Total Orz. Licit. | 1.545.000,00€ | 1.869.450,00€ |

6.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRORROGA

6.1.-PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será de TRINTA E SEIS (36) MESES.

A data prevista de inicio do contrato será o 1 de xaneiro de 2023 ou desde a data que se estableza no documento de formalización, se esta é posterior, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2025.

6.2.-PRÓRROGA

Non se prevé prórroga

En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS MESMOS



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 4 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

Para a valoración das proposicións e de acordo co previsto no artigo 145.1 da LCSP, atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo (proposta dun plan de organización das accións de promoción, proposta de conectividade aérea, oferta económica e o incremento de frecuencias) sendo o 80% susceptibles de valoración automática, e o 20% valorado mediante a emisión dun xuízo de valor, de acordo co previsto no artigo 146.2 da LCSP.

En concreto, a mellor relación calidade prezo avaliarase conforme os criterios económicos e cualitativos vinculados ao obxecto do contrato, referidos á oferta económica, nos termos previstos no artigo 145.6 da LCSP, en calquera dos aspectos e calquera das fases dos ciclos de actividade do contrato e comprende todos os factores que interveñen no proceso específico da prestación do servizo. Valórase ademais a proposta dun plan de organización das accións de promoción, xustificándose estes criterios pola calidade, orixinalidade e impacto das accións de promoción propostas, planificación e organización das accións a realizar, cronograma de execución das mesmas e sistema de seguimento e coordinación das accións de promoción, determinando en definitiva o grao de idoneidade das propostas que garantan conseguir unha oferta de maior calidade. Tamén se valoran as propostas en función da conectividade aérea ofertada en termos de frecuencias (voos) por canto é un elemento que contribúe á dinamización no tráfico aéreo da nosa cidade, o prezo e o correspondente incremento de turistas que a visitan.

As ofertas serán valoradas en función dos criterios de valoración que seguen:

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valoraranse con ata **20 puntos**

1.- Plan de organización das accións de promoción: valorarase con ata **20 puntos**

O Plan de organización das accións de promoción deberá conter as especificacións previstas nas cláusulas 3 e 4 do prego de prescricións técnicas. Desenvolverase co suficiente grado de detalle tanto técnico como gráfico, co obxecto de poder ser valorada a calidade técnica das accións de promoción presentadas, así como a súa adecuación ao obxectivo final da campaña.

A puntuación distribuirase nos seguintes **apartados:**

1.- Calidade, orixinalidade e impacto das accións de promoción propostas: valorarase con ata **10 puntos**

2.- Planificación e organización das accións a realizar, cronograma de execución das mesmas e incremento das accións sobre os mínimos esixidos na cláusula 3 do PPT: valorarase con ata **8 puntos**



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 5 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO**3.- Sistema de seguimento e coordinación das accións de promoción:** valorarase con ata **2 puntos****B) CRITERIOS OBXECTIVOS, EVALUABLES DE FORMA AUTOMÁTICA:** Valorarase con ata **80 puntos**

As ofertas serán valoradas en función dos criterios de valoración que seguen:

➤ **Número total de prazas ofertadas anuais con conexión directa:** valorarase con ata **45 puntos**.

Neste apartado fíxase o número mínimo de prazas ofertadas para poder aplicar aos baremos establecidos para a súa valoración.

- Non se terán en conta o número de prazas ofertadas de operacións que xa estean comercializadas **na data de publicación desta licitación**.
- Só se computan as prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo (*departure seats*).

*Establécese un mínimo de frecuencias semanais (2 na temporada de inverno e 3 na de verán) resultando excluídas aquelas ofertas que non o iguallen ou melloren esta contía mínima.**De acordo co “ESTUDIO DE MERCADO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO VIGO VINCULADA A RUTAS CON CIDADES EUROPEAS” aportado pola Fundación Vigo Convention Bureau, a tempada de verán corresponde aos meses de abril a outubro e a tempada de inverno aos meses de novembro a marzo.*

Tendo en conta as aeronaves existentes no mercado regular de pasaxeiros e a flota máis común entre as compañías aéreas europeas, propóñense uns rangos para a valoración do número de prazas nas ofertas estruturados en 3 rangos:

MÍNIMO ESIXIBLE: Estimación en base a unha aeronave entre 100 e 149 prazas

OFERTA INTERMEDIA: Estimación en base a unha aeronave entre 150 e 180 prazas

MELLOR OFERTA: Estimación en base a unha aeronave de 181 prazas ou máis.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) Número de prazas ofertadas (NPO) nas frecuencias aéreas, para o ano 2023: valorarase con ata 15 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



- Entre 10.900 e 16.240 prazas: 5 puntos
- Entre 16.241 e 19.620 prazas: 10 puntos
- 19.621 prazas ou máis: 15 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 5 puntos será excluído da licitación.

b) Número de prazas ofertadas (NPO) nas frecuencia aéreas, para o ano 2024: valorarase con ata 15 puntos

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Entre 13.500 e 20.115 prazas: 5 puntos
- Entre 20.116 e 24.300 prazas: 10 puntos
- 24.301 prazas ou máis: 15 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 5 puntos será excluído da licitación.

c) Número de prazas ofertadas (NPO) nas frecuencia aéreas, para o ano 2025: valorarase con ata 15 puntos

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Entre 13.500 e 20.115 prazas: 5 puntos
- Entre 20.116 e 24.300 prazas: 10 puntos
- 24.301 prazas ou máis: 15 puntos

O licitador que non acade unha puntuación mínima de 5 puntos será excluído da licitación.

d) Aumento do número de frecuencias aéreas semanais sobre o mínimo establecido na terceira anualidade do contrato (2025): valorarase con ata 10 puntos

A puntuación distribuirase do seguinte xeito en base aos aumentos propostos sobre o mínimo esixido:

- Aumento dunha (1) frecuencia na temporada de inverno: 1,25 puntos
- Aumento dunha (1) frecuencia na temporada verán: 1,25 puntos
- Aumento de dúas (2) frecuencias na temporada de inverno: 2,5 puntos
- Aumento de dúas (2) frecuencias na temporada de verán: 2,5 puntos
- Aumento de tres (3) ou mais frecuencias na temporada de inverno: 5 puntos



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 7 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

- Aumento de tres (3) ou máis frecuencias na temporada de verán: 5 puntos

➤ **Redución do prezo de licitación: valorarase con ata 25 puntos.**

Con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obtérase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

- a) **Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

- b) **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

Estas fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento so exista un licitador admitido. En este caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

Na aplicación das fórmulas so se terán en conta dous decimais.

8.- VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Considerarase ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

9.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede pola natureza do contrato.

10.- PRAZO DE GARANTÍA



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 9 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

Pola natureza das prestación obxecto deste contrato, non procede establecer prazo de garantía.

11.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA:

Os/as empresarios/as deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional que a continuación se indican:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor anual medio do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase mediante:

- Unha relación dos principais traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

Os traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Xustificación da solvencia:

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración, así como a calidade do servizo.

12.- HABILITACION EMPRESARIAL

O licitador deberá estar legalmente implantado e autorizado como empresa de transporte aéreo de pasaxeiros en territorio da Unión Europea, operando, dende a data de presentación das ofertas e ata a finalización do contrato voos regulares cuxo destino ou orixe sexa o territorio europeo.

A certificación e/ou acreditación de organismo internacional ou nacional competente en materia de navegación aérea, que xustifique a inscrición e autorización da compañía aérea para operar legalmente no transporte aéreo de pasaxeiros dentro do territorio dos estados membros da Unión Europea, estará a disposición do Concello, si este o requirise.

13.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

1.- O Órgano de Contratación só poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado neste prego de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 205 da LCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación, consonte ao procedemento previsto no artigo 207 da LCSP. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 191, 203, 206 e 207.

2.- O órgano de contratación, a solicitude do adxudicatario, poderá autorizar a substitución da ruta ofertada por outra a un destino diferente dentro do mercado turístico europeo, sempre que concorran factores que lastren de xeito directo a competitividade e a promoción de Vigo como destino turístico, tales como:

- Unha ocupación media mensual (load factor) inferior ao 60 % durante tres meses consecutivos.
- Que xurdan novas oportunidades de promoción de Vigo como destino en mercados turísticos similares ós obxecto da licitación que non foran ofertados inicialmente, cos que se persegue a promoción a nivel internacional, ben a través das principais urbes europeas ou ben a través das cidades de menor tamaño pertencentes a áreas metropolitanas de maior dimensión.
- Apertura con posterioridade á adxudicación do contrato de rutas en competencia directa coas orixes en calquera dos aeroportos de Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.



Servizo de Turismo**CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE****CONCELLO
DE VIGO**

O adxudicatario deberá acreditar fehacientemente coa súa solicitude a concorrencia destas circunstancias.

3.- As modificacións previstas no apartado 2 desta cláusula non suporán variación do prezo do contrato.

14.- FACTURACIÓN:

A forma de pago dos anos 2023, 2024 e 2025 será a seguinte:

➤ O pagamento dos servizos do contrato efectuarase con carácter trimestral, a meses vencidos, previa presentación da factura expedida na forma legal, que incluíra dos documentos acreditativos da realización das accións de conformidade co establecido no prego de condicións técnicas e que deberá ser conformada polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será o resultado de dividir o importe anual de adxudicación do contrato por 4 trimestres.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000664 TURISMO
- OFICINACONTABLE:GE0000575SERVIZOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

15.- RESPONSABLE DO CONTRATO

A técnica do servizo de Turismo

16.- SUBCONTRATACIÓN

Non se reservan tarefas críticas ao contratista principal.

17.- LUGAR DE ENTREGA

O lugar de entrega das prestacións serán os previstos na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas.

18.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 12 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “*será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte*”, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

1. A inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego.
2. A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.
3. O respecto do contratista aos dereitos laborais básicos ao longo de toda a cadea de produción, cando para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento.

As tres condicións especiais de execución veñen recollidas no artigo 202.2 da LCSP e esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

19.- PÓLIZAS DE SEGURO.

Contrato de seguro de responsabilidade civil para cubrir as responsabilidades derivadas da execución do contrato por un importe mínimo de 300.000,00€.

20.- ETIQUETAS

Non se esixen.

21.- INFORMES DE PROBAS



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/11/2022 13:30 | Páxina 13 de 14 |
| 8283-104 | CSV: A2A6B7-57B8E7-D4D7DD-28SS9M-9ESSQX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



Non se esixen.

22.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDADE INTELLECTUAL OU INDUSTRIAL

A execución do presente contrato non require a cesión de datos nin a transferencia de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

23.- CONFLITO DE INTERESES

Os abaixo asinantes declaran a ausencia de conflito de interese en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Vigo, a data da sinatura dixital.

A Técnica do servizo de Turismo

Asdo: Fátima Dueñas Corchero

Conforme

A Concelleira delegada da Área de Turismo e Xuventude

Asdo. M^a Carmen Lago Barreiro

